


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

14-15 de setembro do 2024

XXIV ORDINARIO B



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 4 Amigos nas penas e na festa amigos**

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración da nosa fe. Reunímonos para compartir en comunidade, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

E vós quen dicides que son Eu? Pregúntanos Xesús no Evanxeo.

Moitas veces queremos facer un Xesús á nosa medida. Lemos o Evanxeo e pensamos que podería dicir ou facer algo que nos gustara máis.

O mesmo lle pasou a Pedro. Co cariño e a confianza que lle tiña, foille chamar a atención a Xesús por dicir que tiña que sufrir a paixón.

Xesús deixaralle ben clariño cal é a súa misión e cal é o noso camiño se queremos seguilo.

Quen é Xesús para cada un de nós? Pretendemos facer un Xesús á nosa medida ou aceptámolo tal como se nos presenta no evanxeo? Queremos seguir os seus pasos?

Respondamos hoxe con sinceridade e vivamos en consecuencia coa nosa resposta, porque a fe sen feitos está morta.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Non sempre poñemos o mellor da nosa parte para compartir coas persoas dende a actitude do compromiso de cada día. Por iso hoxe, antes de máis nada, queremos pedir perdón **porque queremos facelo mellor:***

Monitor/a

- Perdón polas veces que non somos coherentes no que dicimos e no que facemos. Señor ten piedade de nós
- Perdón polas veces que non somos coherentes no que cremos e no que obramos. Cristo ten piedade de nós
- Perdón polas veces que non somos coherentes no que pensamos e no que vivimos. Señor ten piedade de nós

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. Ten tamén misericordia e agarimo con todas as persoas que están cheas de medos e dúbidas. A todos, o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. A nosa oración de hoxe é agradecida con todos os cristiáns que nos dan un bo exemplo cos seus feitos.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, Creador e Señor do universo, óllanos con bondade, e fai que experimentemos o poder da túa misericordia, para dedicarnos de todo corazón a facer realidade o evanxeo.

Pedímoscho a Ti, Pai, por Xesucristo teu fillo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

Na carta de Santiago que escoitamos fálasenos continuamente da coherencia de vivir como cristiáns a nosa fe, se queremos ser cribles.

Xesús é coherente no que fai e no que di, por iso non admite que Pedro lle rife polo que está a predicar. Escoitámolo agora na Palabra de Deus.

Leccionario II B páx 244 **Sant 2, 14-18** **LECTURA**

LECTURA DA CARTA DE SANTIAGO

Irmáns benqueridos, que proveito lle trae a un dicir que ten fe, se non ten feitos? Acaso o poderá salvar esa fe? Se un irmán ou unha irmá andan espidos e necesitados do pan de cada día, e vai un de vós e dilles:

"ídevos en paz, quentádevos e fartádevos", pero non lles dá aquilo que lle cómpre ao seu corpo, que proveito levan? Pois o mesmiño pasa coa fe: se non ten feitos, leva a morte no seu cerne.

Pode dicir alguén: "ti tes a fe, eu teño os feitos". -Móstrame a túa fe sen feitos que eu polos feitos heiche de mostrar a miña fe.

Palabra do Señor

FE SIN OBRAS...



FE CON OBRAS...



♪ n° 7 *Andarei na presenza*

SALMO

(en pé) *Leccionario II B* páx 245 *Mc 8, 27-35 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, ía Xesús cos seus discípulos cara ás aldeas de Cesarea de Filipo, e polo camiño preguntoulles: - Quen di a xente que son eu?

Eles responderon: - Uns, que Xoán Bautista; outros, que Elías; e outros, que algún dos profetas.

El preguntoulles a eles: - E vós, quen dicides que son?

Respondeu Simón Pedro: - Ti elo Mesías.

E prohibiulles diciren nada a ninguén.

Entón, con toda claridade, empezou a adoutrinalos acerca de que era preciso que o Fillo do Home padecese moito, e que o rexeitasen os anciáns, os Sumos Sacerdotes e mailos letrados; que o ían matar, e que aos tres días había resucitar.

Explicoulles isto con toda claridade. Entón Pedro, colléndoo á parte, empezou a rifarlle. Pero Xesús volvéndose cara aos discípulos, reprendeuno:

- ¡Arreda de min, Satanás, que ti non te me deixas guiar por Deus, senón polos homes!

E chamando á xente onda os seus discípulos, díxolles: - Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo, cargue coa súa cruz, e que me siga. Pois o que queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen dea a súa vida por min e polo Evanxeo, ese poñeraa a salvo.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Cristo é un calquera:

É o pobre, o enfermo, o famento, a muller maltratada, o estranxeiro rexeitado, o refuxiado marxinado, o neno morto en Palestina, a vella esquecida e soa, a moza silenciada en Afganistán, ...

Nós temos que ser e dar exemplo para ser cribles.

(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Hoxe Cristo espera de nós unha resposta que esixe coherencia entre a nosa fe e a nosa vida.*

Dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai,
que nos crea libres á súa semellanza para amar e para responder con palabras e feitos ao seu benquerer?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, o seu Fillo benquerido,
que nos convida a seguir os seus pasos coa valentía de saber que é dando vida como nos enchemos de vida?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo
que nos empuxa a ser coherentes enchendo con feitos a nosa fe?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na Igrexa
comunidade que ao longo da historia testemuña a Xesús coma o Mesías e Salvador que dá plenitude á vida resucitando?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Acudamos a Xesús, o Mesías, que deu a súa vida na cruz para enchernos de vida a nós. Dicimos:*

ÉNCHENOS DE VIDA, SEÑOR

Monitor/a

- ✓ Mira, Señor, polos pais e nais da nosa parroquia para que mostren con feitos a fe na que se comprometeron a educar os fillos. Recemos
- ✓ Mira, Señor, polos mozos e mozas da nosa parroquia para que sigan asumindo o protagonismo da súa vida dando razón do seu camiño de fe, con feitos. Recemos
- ✓ Mira, Señor, por todos nós que agora compartimos esta celebración, para que sexamos exemplo de vida e fe para os demais. Recemos
- ✓ Mira, Señor polos pobos que sofren e nos que non se respectan os dereitos e as liberdades, como Afganistán, Rusia, Ucraia, Palestina... Recemos
- ✓ Mira, Señor, polas persoas que nos teñen dado un bo exemplo na vida, aínda que a vida mesma non lles fora un camiño doado. Recemos

Celebrante: *Señor, atendes a nosa voz, non nos deixas da túa man, por iso en Ti confiamos e de Ti queremos dar bo exemplo. Ti que vives e reinas dándonos vida por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Entremos no corazón do Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amor sereno e cheo de tenrura, e con Xesús dándonos vida coa súa vida recemos dicindo:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Hoxe temos moito que mellorar porque demasiadas veces pretendemos facer realidade unha fe que non é crible. E non o é porque lle faltan feitos. Que lonxe isto do que nos propón Xesús. Sexamos cribles no respecto, na tolerancia, no esforzo, no sacrificio, na cruz. Sexámolo soñando paz, sexámolo dándonos unha man.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: Os discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena a conversa e a tenrura coa que Xesús facía ben. Descubriron tamén que valía a pena comprometerse cos seus feitos, porque a fe, sen eles, está morta.

Sintámonos orgullosos por vivir a fe a exemplo de Xesús, e orgullosos tamén por poder compartir agora este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 50 Na tardiña baixa da vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, ti concedes a túa Igrexa os dons eternos. Axúdanos a medrar no evanxeo, de xeito que con palabras e feitos sexamos testemuñas da vida de Xesucristo, Señor e irmán noso que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Xesús, o Mesías, pregúntanos quen é El para nós. Que resposta lle podemos dar hoxe despois desta celebración?

Respondamos escollendo iso que enche o noso corazón de vida, que seguro nos dará razóns para facer crible a nosa fe de forma coherente e comprometida.



“O camiño da FE é un camiño de FEITOS”

Palabras de hoxe na carta de Santiago

Avísase das misas (ver folla do mes)

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén***

🎵 **nº 56 Ide e pregoade**

Podémonos ir en paz. Amén